



**AVALIACIÓN E ANÁLISE DO
POTENCIAL DO CAMIÑO DE
SANTIAGO-VÍA DA PRATA, PARA O
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A
ESCALA LOCAL**

Obxectivo: Avaliar o Impacto socioeconómico do Camiño de Santiago



A colaboración entre CES Galicia a Deputación de Ourense e a USC responde ao interese común de afondar no coñecemento do impacto do Camiño de Santiago-Vía da Prata en Galicia a escala local, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental.

Preténdese deste xeito fornecer de información aos axentes do sector e ás administracións públicas para facilitar a toma de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no relativo a este eixo vertebrador que é o Camiño.

En concreto...explicar causas EVOLUCIÓN RECIENTE e identificar POTENCIALIDADES

21 may. 2019

biglesias

La Región

OURENSE

La Vía de la Plata languidece y marca mínimos hist...

f

tw

in

OURENSE


camino de santiago

La Vía de la Plata languidece y marca mínimos históricos


Cerró el peor mes de abril en porcentaje de peregrinos, y la alerta llega también al sur de España

La Vía de la Plata sigue siendo la única ruta de Camino de Santiago que pierde peregrinos y la Semana Santa no ha hecho más que ahondar en la crisis. La voz de alarma ha llegado también al sur de España, en concreto a Extremadura, que comprende 342 de los casi 1.000 kilómetros que transcurren desde Sevilla a Santiago de Compostela.


EVOLUCION NORMALIZADA NUMERO PEREGRINOS 2010-2019



Peso no total de Peregrinos




Peso no total de Peregrinos



Para acadar este obxectivo utilízase a metodoloxía de análise do impacto a escala local desenvolvida polo GAME en colaboración con Turismo de Galicia que ten como punto de partida a opinión dos axentes implicados (1) e combina múltiple información estatística oficial (2) utilizando novas ferramentas de análise (3).

A recollida de información efectuouse entre agosto e novembro de 2019 mediante dúas enquisas presenciais realizadas por persoal investigador con formación específica.

- A primeira delas tivo como obxectivo coñecer a percepción dos residentes en dous concellos representativos do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago (Laza e San Cristovo de Cea).
- A segunda realizouse aos peregrinos na última etapa antes de chegar a Santiago de Compostela para coñecer a súa valoración da experiencia vivida e as principais características da súa peregrinación (duración, forma, tipo de aloxamento utilizado, orzamento diario...).



Análise da Situación: Características do Propio Camiño


DUREZA (CALOR, DESNIVEL, ETAPAS
MOI LONGAS, LARGO RECORRIDO,
OBRAS AVE)

ZONAS RURAIS ESCASAMENTE
POBOADAS (CON MENOS DE
20Hab/Km²)

CARACTERÍSTICAS DA
CALZADA: MOITOS TRAMOS
POR ASFALTO, DÉFICIT
MANTENIMENTO

BAIXA CARGA
POBOACIONAL
(ENVELLECIDA/ESCASA
RELEVANCIA TURISMO)


DEFICIENTE PRESTACIÓN SERVICIOS
CONDICIONADA POLA ESCALA DA
DEMANDA EFECTIVA
(Información/Alimentación/Transporte)



Análise da Situación: FACTORES PROPIA DINAMICA



¿Potencialidades?



DUREZA (CALOR, DESNIVEL, ETAPAS MOI LONGAS, LONGO RECORRIDO)


Días medios con temperatura máxima por encima de 30°

VIA DA PRATA	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO
Lubián-A Gudiña	0	5	8	8	4	0
A Gudiña-Laza	0	5	8	8	4	0
Laza-Vilar de Barrio	2	11	15	19	8	5
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	1	5	7	11	5	1
Xunqueira de Ambia-Ourense	7	14	18	21	12	8
Ourense-Cea	0	2	2	4	3	0
Cea-Dozón	2	5	5	8	6	1
Dozón-Bendoiro	2	5	5	8	6	1
Bendoiro-Outeiro	2	6	6	8	8	4
Outeiro-Santiago de Compostela	2	5	5	7	6	2
FRANCES	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO
Cebreiro-Triacastela	0	1	3	5	2	0
Triacastela-Sarria (san xil)	0	4	9	7	5	0
Sarria-Portomarín	2	4	12	11	6	0
Portomarín-Palas	1	4	11	8	4	0
Palas-Arzúa	0	3	7	6	5	0
Palas-Melide	1	4	11	8	4	0
Melide-Arzúa	0	3	7	6	5	0
Arzúa-Pedrouzo	0	3	7	6	5	0
Pedrouzo-Santiago	0	3	7	6	5	0

Fonte: meteogalicia

Dende Ourense a situación é semellante ou incluso mellor que dende Sarria

DUREZA (CALOR, DESNIVEL, ETAPAS MOI LONGAS, LARGO RECORRIDO)



SUDESTE VIA DA PRATA

ALTURA MAXIMA 1.343
ALTURA MINIMA 70,40
DESNIVEL 5.293,62

Por Laza:

Longitud 212,3 Km Dificultad Media

Por Verín:

Longitud 254,3 Km Dificultad Media

Por Feces:

Longitud 187,2 Km Dificultad Media

PORTUGAL CENTRAL

ALTURA MAXIMA 468,75
ALTURA MINIMA 1,11
DESNIVEL 3.455,43

DURO, PERO DEPENDE DA ALTERNATIVA A COMPARAR

PRIMITIVO

ALTURA MAXIMA 1.119,60
ALTURA MINIMA 39,93
DESNIVEL 6.297

DUREZA (CALOR, DESNIVEL, ETAPAS MOI LONGAS, LARGO RECORRIDO)



Etapa	Distancia	Tempo a pé (minutos)	Velocidade (m/s)
Lubián-A Gudiña	26,5	445	0,99
A Gudiña-Laza	34,5	530	1,08
Laza-Vilar de Barrio	19,0	278	1,14
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	13,8	180	1,28
Xunqueira de Ambia-Ourense	22,0	275	1,33
Ourense-Cea	22,9	310	1,23
Cea-Dozón	15,5	220	1,17
Dozón-Bendoiro	18,3	248	1,23
Bendoiro-Outeiro	33,8	462	1,22
Outeiro-Santiago de Compostela	16,7	228	1,22

Algunhas etapas requiren case 9 horas para completalas...

Fonte: Elaboración propia utilizando a función de senderismo de Tobler para calcular os tempos en función da pendente cada 5 metros:

https://en.wikipedia.org/wiki/Tobler%27s_hiking_function


ZONAS RURAIS ESCASAMENTE POBOADAS (CON MENOS DE 20Hab/Km2)



KM DE TRAZADO segundo a densidade de poboación da parroquia

	Vía da prata	Portugués	Norte	Primitivo	Inglés	Francés	Fisterra-Muxia
Menor 20 h/km ²	39,37%	0,00%	59,94%	70,10%	1,8%	48,61%	18,83%
Entre 20 e 50 h/Km ²	31,51%	3,10%	32,60%	15,12%	19,43%	23,81%	41,03%
Entre 50 e 150 h/Km ²	17,66%	38,47%	2,90%	0,71%	21,50%	15,33%	21,08%
Máis de 150 h/Km ²	11,46%	58,43%	4,57%	14,08%	57,23%	12,25%	19,05%


Mapa Calor Prazas Aloxamento (non inclúe Ourense)



DEFICIT SERVICIOS ENTRE A GUDIÑA E OURENSE??

Potencial déficit prazas


- Fin de etapa
- Establecimiento hotelero a menos de 1 km del camino



	General – 2.5 Km FINAL ETAPA		Albergues – 2.5 Km FINAL ETAPA		TOTAL POR CONCELLO		
	ESTAB.	PRAZAS	ESTAB.	PRAZAS	TOTAL PRAZAS	%PRAZAS FINAL ETAPA	PRAZAS FORA FINAL ETAPA
Final etapa							
A Gudiña	7	177	1	26	199	88,9%	22
Laza	2	44	1	36	44	100,0%	0
Vilar de Barrio	1	24	1	24	42	57,1%	18
Xunqueira de Ambía	3	42	1	24	77	54,5%	35
Ourense	28	1187	3	108	1816	65,4%	629
Cea	3	61	1	41	123	49,6%	62
Dozón	1	50	1	50	50	100,0%	0
Bendoiro - Laxe	6	210	1	30	473	44,4%	263
Outeiro	4	126	1	32	238	52,9%	112


BAIXA CARGA POBOACIONAL (ENVELLECIDA/ESCASA RELEVANCIA TURISMO)

Peso do Turismo na Carga Poboacional (2016)



No camiño Francés só dous concellos idade media superior a 55 anos


Na maioría dos concellos o saldo de poboación por turismo é negativo (saen máis persoas que entran)





Camiño e Servizos

Peregrino: Valoración positiva con matices do estado do firme e dos servizos de alimentación pero maioritariamente sen valoración ou negativa do transporte público e dos puntos de información

VALORACIONES (entre 0 e 5)



INFORMACIÓN INSUFICIENTE (NOME-ALTERNATIVAS)



Vía de la Plata


Información alternativas???




“Costiña de Canedo” saída de Ourense por unha das alternativas (2 km 15% pendente media)

“Alternativa por Verín”
Moi pouco transitada

“Alternativa por Oseira”
Sinalizada pero non esta nas rutas nin na páxina web de Turismo de Galicia




Trazado de la ruta y recursos de interés




<https://www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/via-de-la-plata>

DEBILIDADE DE OURENSE COMO PUNTO PARTIDA




PESO PEREGRINOS INICIAN CAMINO A 100 KM






PERFIL PEREGRINO (POUCO DIVERSIFICADO)

Perfís peregrinos




PERFIL: REPETIDOR, IDENTIFICASE COMO PEREGRINO



O perfil autopercebido como peregrino era do 47% no total, e só do 35% nos que inician en Sarria

PERFIL PEREGRINO (MAIORITARIAMENTE HOME E ESPAÑOL)



PESO PEREGRINO
INTERNACIONAL

Total: 57,9%
Vía de la Plata: 39,23%


No conxunto de peregrinos a muller supón o 51,15%, na Vía de la Plata o 40%
mias de 11 pp menos

A dinámica peregrinos é mais positiva en perfíles diferentes ao da Vía da Prata

Os segmentos de peregrinos en crecemento non son os
que caracterizan a vía da Prata:


- A muller é actualmente o xénero maioritario
- Expansión exponencial do peregrino Internacional de longa distancia (USA-Asía-Australia)
- Expansión do Peregrino de corto Recorrido (Inicio en Sarria ou Valença-Tui)

Peso das mulleres no total de Peregrinos




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Taxa de crecemento anual acumulativa dos peregrinos por orixe (2004-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Evolución da distribución por Nacionalidades dos Peregrinos




Distribución por Nacionalidades e Camiños dos Peregrinos (2018)



Preferencia por outras Alternativas???

Ano 2018




As CC.AA da Via da Prata suman 53.228 Peregrinos (36% total)

Na Vía da Prata supoñen o 33% do total...débil especialización especialmente en Andalucía

Sen promoción... sen paquete turístico...


POTENCIALIDADES: MOTIVO PRINCIPAL PARA FACER ESTE CAMIÑO

Motivo principal para facer este camiño




POTENCIALIDADES: CONTORNA NATURAL E PEREGRINOS


VALORACIÓN (entre 0 e 5)



POTENCIALIDADES (TRANQUILIDADE)





POTENCIALIDADES (PEREGRINO CRÍTICO PERO SATISFEITO)



O nivel de satisfacción coa experiencia do camiño é moi alta, incluso maior da esperada para UN de cada TRES. Só o 18% consideran o seu nivel de satisfacción coa realización do camiño menor do esperado (no conxunto do Camiño era o 5,8%).


POTENCIALIDADES (PEREGRINO CRITICO PERO SATISFEITO)



Como corresponde ó Perfil Experto pensa repetir outro camiño, aínda que pode que non sexa a Vía de la Plata. Pese a valoración crítica sen dúbida recomenda facer o Camiño.


POTENCIALIDADES (OURENSE)

Crecremento Último ano (2018-2019)




POTENCIALIDADES: AUMENTO DOS PEREGRINOS FORA DO PERIODO ESTIVAL

EVOLUCION MENSUAL



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

POTENCIALIDADES: AUMENTO DOS PEREGRINOS FORA DO PERIODO ESTIVAL




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.


POBOACIÓN RESIDENTE A FAVOR

En termos globais, aínda que consideran, moi maioritariamente, que **o Camiño non é a principal actividade do concello** e que **os beneficios do Camiño se concentran nuns poucos residentes**, en termos xerais, os enquisados están “bastante” ou “moi” de acordo cos ítems referidos a que o Camiño xera beneficios económicos, mentres que están “bastante” ou “moi” en desacordo cos ítems referidos a que o Camiño xera perdas no ámbito económico.

LAZA




CEA



POBOACION RESIDENTE A FAVOR

En termos globais, a valoración que a maioría dos residentes fan dos impactos do Camiño é positiva (máis para o concello que para o propio enquisado) e mostran unha actitude moi favorable cara ao Camiño e os peregrinos; de feito, moi maioritariamente consideran que o Camiño debe ser un motor de desenvolvemento do concello.





Valoración dos peregrinos polos residentes máis favorable que no Camiño francés

Maioritariamente

Persoalmente,
agrádame a
presenza de
peregrinos

- 86% en Laza
- 89% en Cea


SI

Algúns meses ao
ano hai demasiados
peregrinos

- 8% en Laza
- 18% en Cea

NON

Coexiste certo grado de descoñecemento do Camiño e do perfil do peregrino



Mais que falta de equipamentos e servizos, existe un problema no horario de apertura dos mesmos que impide o seu uso polos peregrinos.

DEZ Propostas de Actuación

- Impulsar a colaboración cos Concellos e con outros departamentos e administracións públicas de Galicia e do resto de CC.AA. polas que discorre a Vía da Prata para abordar de xeito planificado tódolos ámbitos vencellados co Camiño de Santiago: aspectos sanitarios e de hixiene (lixo, saneamento, vertidos, etcétera....), mantemento do camiño, que inclúa traballos de revisión e adecuación das rutas, reforzo dos servizos, implantación de novos servizos, mellora na planificación, pero sobre todo mellora na promoción e información.
- Contar cunha ferramenta de planificación e dirección estratéxica para o desenvolvemento de actuacións público-privadas na Vía da Prata (que dea cobertura á década xacobeá que comeza no ano 2021).
- Definir e dotar un plan de formación sobre o Camiño (en todas as súas dimensións) en escolas, institutos, técnicos das administracións públicas, asociacións, profesionais e especialmente para a poboación local.
- Crear na provincia de Ourense, nun punto estratéxico do Camiño, un centro de interpretación da Vía da Prata, como centro de difusión para peregrinos, poboación local, estudantes e visitantes.
- Definir un plan de comunicación e transferencia de información relevante para o peregrino, os residentes e o profesional (web do Camiño) que de resposta a preguntas frecuentes e subministre información completa e actualizada da realidade da Vía da Prata en varias linguas (é moi importante indicar a localización de infraestruturas sanitarias, de alimentación e de restauración indicando o seu horario de apertura, pero tamén das características físicas e climáticas das distintas etapas da Vía da Prata en función do mes do ano).

DEZ Propostas de Actuación

- Promover a identificación da Vía da Prata cun perfil/es de peregrinos. Existen varias posibilidades, con diferentes graos de complementariedade.
 - Perfil Ciclista (de rápido crecemento nos próximos anos)
 - Grandes Grupos (require unha modificación e adaptación da oferta de servizos para aproveitar a escala local este fluxo importante de peregrinos, sobre todo pensando nos seguintes Anos Santo desta década).
 - Orientarse o perfil experto, mais próximo a visión tradicional do peregrino (Camiño, espiritual, individual, solitario, reflexivo, natural, sostible, inclusivo).
 - Orientarse o perfil do peregrino de proximidade (Facilitar as iniciativas públicas e privadas que permitan realizar o camiño en etapas soltas, por exemplo mediante etapas dun día para cativos coas familias, excursións cos colexios ou colectivos coma os xubilados - como actividade saudable e dada a probable redución de viaxes de longo recorrido de este colectivo, isto tamén podería ser parte dun plan máis amplo para aproveitar o termalismo, por exemplo).
- Promover a reconfiguración das etapas incluíndo areas de descanso intermedias para facilitar a incorporación a Vía da Prata de segmentos de peregrinos en crecemento como é o peregrino de idade avanzada ou o peregrino familiar.
- Promover a existencia de xestores-guías do Camiño que faciliten a comunicación entre peregrinos, residentes e as administracións responsables da xestión integral do Camiño.
- Promover a cidade de Ourense como punto de inicio para Peregrinos con limitación temporal (rutas de 5-6 días).
- Plan de apoio aos investimentos para PYMEs e autónomos que impulsen novos produtos e novas tendencias vinculadas as diferentes áreas de produción protexida vinculadas a Vía da Prata (Economía circular, Km0, identificación do camiño cunha sociedade sostible).



Coordinación: Melchor Fernández e Dolores Riveiro
Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME)